

RISCOS ELÉCTRICOS EN BAIXA TENSIÓN

ACCIDENTES PRODUCIDOS POLA ELECTRICIDADE


Son xeralmente debidos a:

- **CONTACTOS DIRECTOS:** contacto con partes da instalación habitualmente en tensión.
- **CONTACTOS INDIRECTOS:** contacto con partes ou elementos metálicos accidentalmente postos baixo tensión.
- **QUEIMADURAS POR ARCO ELÉCTRICO:** producidas pola unión de dous puntos a diferente potencial mediante un elemento de baixa resistencia eléctrica ou en traballos de peche ou apertura de circuitos.



NORMAS XERAIS DE SEGURIDADE

- Non manipule as instalacións eléctricas se non está formado e autorizado para iso.
 - Toda instalación eléctrica ou equipo de traballo defectuoso notificaráselle ao seu superior, para a súa reparación.
 - Só o persoal autorizado e cualificado poderá operar nos equipos eléctricos, sexan cadros de manobra, de posta en marcha de motores, de transformadores, máquinas en xeral, ordenadores etc.
 - En caso de avaría ou mal funcionamento dun equipo eléctrico hai que o poñer fóra de servizo, desconectalo da rede eléctrica (desenchufar), sinalizar a anomalía e comunicar a incidencia para a súa reparación mediante as canles establecidas para iso.
- Respecte as sinalizacións.
- Revise os equipos eléctricos antes de os utilizar.
 - Todo equipo de traballo con tensión superior a 24 V, que careza de características de dobre illamento, estará conectado a terra e protexido mediante un interruptor diferencial (ou protexido mediante algún dos sistemas admitidos pola instrución do Regulamento electrotécnico de baixa tensión MIE BT 021).
- Non desconecte os equipos tirando dos cables.
 - Sempre se deben desconectar agarrando a caravilla do conector e tirando dela.
- Non conecte cables sen caravillas de conexión homologadas.
- Evite o paso de persoas e equipos sobre alargadeiras ou cables eléctricos.
 - Esta situación posibilita a deterioración e debilitación do illante do cable condutor, así como tropezos e caídas.
- Non utilice ferramentas eléctricas coas mans ou os pés húmidos.
- As ferramentas eléctricas que se atopen húmidas ou molladas xamais se deben usar.
- Non gaste bromas coa electricidade.
- Non utilice auga para apagar lumes onde é posible que exista tensión eléctrica.



RISCOS ELÉCTRICOS EN BAIXA TENSIÓN

- Ante unha persoa electrocutada:
 - En todos os casos, procure cortar a tensión. Aparte a persoa electrocutada da fonte de tensión, sen manter un contacto directo con ela, utilice para iso elementos illantes: pértegas, madeiras, cadeiras todas de madeira, luvas illantes etc...
 - Advirta desta situación o seu superior inmediato ou as persoas mais próximas para iniciar as actividades de actuación en caso de emerxencia.
 - En todos os casos, se está capacitado/a, proporcione de inmediato os primeiros auxilios e avise a asistencia sanitaria externa.
- En ningún caso se lles deben facer pontes ás proteccións: interruptores diferenciais, magnetotérmicos...
- As instalacións utilízanse e manteranse de forma adecuada:
 - O funcionamento do pulsador manual dos diferenciais débese comprobar unha vez ao mes.
 - Débese comprobar anualmente o valor da resistencia de terra na época en que o terreo estea máis seco.
- O acceso a recintos de servizo e envolventes de material eléctrico só lle estará permitido aos traballadores autorizados.

NORMAS PARA O PERSOAL AUTORIZADO A MANIPULAR INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS:

Toda persoa traballadora que manipule unha instalación eléctrica en baixa tensión deberá ter formación específica e ser autorizada polo empresario.

Antes de comezar os traballos é preciso informar as persoas afectadas pola instalación que se vai reparar.

En instalacións complexas débese dispoñer da documentación referente a estas (planos, esquemas...). Se se modifica unha instalación débese actualizar a documentación e indicar a data de realización.

Sempre que sexa posible é preciso realizar os traballos de tipo eléctrico sen tensión. Unicamente se realizarán con tensión as operacións elementais (accionamento de interruptores, diferenciais, automáticos etc) que se atopen en bo estado e os traballos en instalacións con tensións de seguridade.

Os traballos en tensión só poderán ser realizados seguindo un procedemento que garanta que o **traballador cualificado** non poida contactar accidentalmente con calquera outro elemento con potencial diferente do seu, nin provocar arcos eléctricos accidentais.

Non se deben realizar traballos á intemperie **en situacións climatolóxicas adversas** (choiva, neve, tormentas, vento forte etc.).

Ao iniciar os traballos, os traballadores estarán desprovistos de aneis, pulseiras, reloxo e demais obxectos metálicos (cremalleiras etc).

Ao finalizar as reparacións, deixaranse colocadas as proteccións que se poidan retirar e non se restablecerá o servizo da instalación eléctrica ata que se teña completa seguridade de que non queda ninguén traballando nela e non existe perigo ningún.

RISCOS ELÉCTRICOS EN BAIXA Tensión

PROCEDEMENTO DE SUPRESIÓN E REPOSICIÓN DA Tensión:

As operacións e manobras para deixar sen tensión unha instalación eléctrica antes de iniciar o «traballo sen tensión», e a reposición da tensión, ao finalizar, realizaranas traballadores autorizados, seguindo o procedemento de traballo das:

CINCO REGLAS DE OURO:

1. **Desconectar** a parte da instalación en que se vai traballar para a illar de todas as posibles fontes de tensión.
2. **Previr calquera posible realimentación**, preferiblemente por bloqueo do mecanismo de manobra e sinalizando os dispositivos de corte.
3. **Verificar a ausencia de tensión** en todos os elementos activos da zona de traballo.
4. **Poñer a terra e en cortocircuíto** todas as posibles fontes de tensión. En instalacións de baixa tensión só será obrigatorio se por indución ou outras razóns se poden poñer accidentalmente en tensión.
5. **Protexer a zona de traballo** fronte aos elementos próximos en tensión e establecer unha sinalización de seguridade para a delimitar.

Os traballadores, ademais do equipo de protección persoal común, deben utilizar luvas Clase 00, banquetas/alfombras illantes, verificador da ausencia de tensión, ferramentas certificadas, material de sinalización e pantalla facial.

Débese ter en conta que, no momento de suprimir unha das medidas inicialmente adoptadas para realizar o traballo sen tensión en condicións de seguridade, considerárase **en tensión** a parte da instalación afectada.